
CLEOPATRA

Cleopatra VII Thea Filopátor

69-30 a. C. (39 anos). **Raíña de Exipto: 52-30 a. C.**



Culta e poderosa, foi parella de César, co que tivo un fillo, e de Marco Antonio, co que tivo tres. Puido gobernar Roma, pero a vitoria de Augusto en Actium no 31 a. C. levouna ao suicidio.


Culta y poderosa, fue pareja de César, con quien tuvo un hijo, y de Marco Antonio, con quien tuvo tres. Pudo gobernar Roma, pero la victoria de Augusto en Actium en el 31 a. C. la llevó al suicidio.

LIVIA

LIVIA DRVSILLA IVLIA AVGVSTA

ESPOSA DE AUGUSTO

59/58 a. C.-29 (71 anos) **Reinado: 27 a. C.-14 d. C.**



Moi poderosa, como terceira esposa de Augusto, estivo detrás da morte de todos os que podían ser un obstáculo para o ascenso a emperador do seu fillo (dun matrimonio anterior) Tiberio.

Muy poderosa, como tercera esposa de Augusto, estivo detrás de la muerte de todos los que podían ser un obstáculo para el ascenso a emperador de su hijo (de un matrimonio anterior) Tiberio.

2018. Alfredo Erias. Técnica mixta / táboa. 73 x 54 cm

MESSALINA

VALERIA MESSALINA AVGVSTA

ESPOSA DE CLAUDIO

25-48 (23 anos). **Reinado: 41-48**



Esta fermosa moza, que tería gran influencia política, casou aos 16 anos co vello Claudio (aínda non era emperador), que tiña 50. Tiveron dous fillos, pero a súa vida disoluta e o matrimonio (bigamia) co cónsul Cayo Silio, supuxeron a súa execución.

Esta hermosa joven, que tendría gran influencia política, se casó a los 16 años con el viejo Claudio (aún no era emperador), que tenía 50. Tuvieron dos hijos, pero su vida disoluta y el matrimonio (bigamia) con el cónsul Cayo Silio, supusieron su ejecución.

AGRIPPINA MINOR

IVLIA AGRIPPINA AVGVSTA

IRMÁ DE CALÍGULA, ESPOSA E SOBRIÑA
DE CLAUDIO, NAI DE NERÓN

15-59 (44 anos). **Reinado: 49-54**



Para que herdase o imperio o seu fillo Nerón e gobernar despois no seu nome, envelenou ao seu tío e esposo o emperador Claudio, pero, finalmente, a rivalidade política levou a Nerón a ordenar executala.

Para que heredase el imperio su hijo Nerón y gobernar después en su nombre, envenenó a su tío y esposo el emperador Claudio, pero, finalmente, la rivalidad política llevó a Nerón a ordenar ejecutarla.

DOMITIA

DOMITIA LONGINA AVGVSTA

ESPOSA DE DOMICIANO

50/55-126/130. Reinado: 81-96



Tivo dous fillos e unha filla que morreron. Repudiada (e logo perdoada) por ter amores co comediante Paris, quizais participou, anos máis tarde, na conxura que acabou con Domiciano.

Tuvo dos hijos y una hija que murieron. Repudiada temporalmente (y luego perdonada) por tener amores con el comediante Paris, quizá participó en la conjura que acabó con Domiciano.

POMPEIA PLOTINA

AVGVSTA [DIVA PLOTINA]

ESPOSA DE TRAXANO

70-123 (53 anos). Reinado: 98-117



Intelectual, bondadosa e amable, acompañou a Traxano a Partia, falecendo el, durante o seu retorno, en Selinus de Cilicia. Ela levaría as súas cinzas nunha urna de ouro para situala na base da Columna Traxana.

Intelectual, bondadosa y amable, acompañó a Trajano a Partia, falleciendo éste a su regreso en Selinus de Cilicia. Ella llevaría sus cenizas en urna de oro para situarla en la base de la Columna Trajana.


2023. Alfredo Erias. Técnica mixta / táboa. 73 x 54 cm

VIBIA

VIBIA SABINA AVGVSTA

ESPOSA DE ADRIANO

86-137 (51 anos). **Reinado: 117-137**



Refinada e independente, non quixo ter fillos con Adriano para non "danar a raza humana" e tivo relacións con Suetonio, historiador oficial e secretario do emperador, que sería expulsado da corte.


Refinada e independente, no quiso tener hijos con Adriano para no «dañar la raza humana» y tuvo relaciones con Suetonio, historiador oficial y secretario del emperador, que sería expulsado de la corte.

FAVSTINA MAIOR

ANNIA GALERIA FAVSTINA DIVA AVGVSTA

ESPOSA DE ANTONINO PÍO

100-140 (40 anos). **Reinado: 138-140**



De familia nobre e orixe hispana, tivo un matrimonio feliz do que naceron dous fillos e dúas fillas, sendo unha delas a futura emperatriz Faustina Minor, como esposa de Marco Aurelio.

De familia noble y origen hispano, tuvo un matrimonio feliz del que nacieron dos hijos y dos hijas, siendo una de ellas la futura emperatriz Faustina Minor, como esposa de Marco Aurelio.


2018. Alfredo Erias. Técnica mixta / táboa. 73 x 54 cm

FAVSTINA MINOR

ANNIA GALERIA FAVSTINA DIVA AVGVSTA

ESPOSA DE MARCO AURELIO

125/130-175. Reinado: 161-175



Era «obediente, cariñosa e sinxela», segundo Marco Aurelio. Foi filla de Antonino Pío e de Faustina Maior, e nai de trece fillos, dos que sobreviviron cinco, entre eles, o futuro emperador Cómodo.

Era «obediente, cariñosa y sencilla», según Marco Aurelio. Fue hija de Antonino Pío y de Faustina Maior, y madre de trece hijos, de los que sobrevivieron cinco, entre ellos, el futuro emperador Cómodo.

2023. Alfredo Erias. Técnica mixta / táboa. 73 x 54 cm

IVLIA DOMNA

*IVLIA PIA FELIX AVGUSTA MATER AVGUSTI
NOSTRI ET CASTRORVM ET SENATVS ET PATRIAE*

ESPOSA DE SEPTIMIO SEVERO

ca. 160-217 (ca. 57 anos). Reinado: 193-211



De orixe sirio, tivo gran influencia política, social e filosófica. Foi nai dos coemperadores Geta e Caracalla. E cando Caracalla, xa único emperador, foi asasinado en 217, suicidouse.

De origen sirio, tuvo gran influencia política, social y filosófica. Fue madre de los coemperadores Geta y Caracalla. Y cuando Caracalla, ya único emperador, fue asesinado en 217, se suicidó.

2019. Alfredo Erias. Técnica mixta / táboa. 73 x 54 cm

FVLVIA PLAVTILLA

PVBLIA FVLVIA PLAVTILLA AVGVSTA
PRIMA SEGUNDA E ESPOSA DE CARACALLA
185/189-212. Reinado: 202-205 (con Xulia Domna)



Foi a única esposa (ano 202) do coemperador Caracalla, pero este desprezábaa a pesar de ter unha filla con ela no 204. No 205 o seu pai, Cayo Fulvio Plauciano, comandante da garda pretoriana e cónsul, foi executado por traizón, e Fulvia e a súa filla exiliadas a Sicilia e despois a Lípári e finalmente estranguladas por orde de Caracalla, logo da morte de Septimio Severo (pai de Caracalla) en 211.

Fue la única esposa (año 202) del coemperador Caracalla, pero éste la despreciaba a pesar de haber tenido con ella una hija en 204. En 205 su padre, Cayo Fulvio Plauciano, comandante de la guardia pretoriana y cónsul, fue ejecutado por traición y Fulvia y su hija exiliadas a Sicilia y luego a Lipari y por último estranguladas por orden de Caracalla, después de la muerte de Septimio Severo (padre de Caracalla) en 211.

2023. Alfredo Erias. Técnica mixta / táboa. 73 x 54 cm

FAMILIA «CELTICA SUPERTAMARICA»

*Apana · Ambolli · f(ilia).
Celtica Supertam(arca) · [D] ·
Miobri an(norum) · XXV · h(ic)
· s(ita) · e(st). Apanus · fr(ater) ·
f(aciendum) · c(urauit)*

(Francisco Javier González García &
Pedro López Barja de Quiroga, 2011)

«**APANA**», que
finou aos 25 anos

APANA, FILLA DE
AMBOLO, CÉLTICA
SUPERTAMÁRICA, DO
CASTRO DE MIOBRE.
FINOU AOS 25 ANOS.
AQUÍ ESTÁ ENTERRADA.
APANO, O SEU IRMÁN,
MANDOU FACER ESTE
MONUMENTO



AMBOLLVS (pai de
Apana) ou «**APANVS**»
(seu irmán, que mandou
facer esta estela)

Esposa (ou viúva) de
Ambollvs, nai de *Apana*
e de *Apanvs* e nai tamén
(ou avoa) do/da neno/a

Irmán/á ou fillo/a de
Apana...

APANA, HIJA DE
AMBOLO, CÉLTICA
SUPERTAMÁRICA, DEL
CASTRO DE MIOBRE.
MURIÓ A LOS 25 AÑOS.
AQUÍ ESTÁ ENTERRADA.
APANO, SU HERMANO,
MANDÓ HACER ESTE
MONUMENTO

Estela funeraria galaico romana de San Pedro de Mera (Lugo) que representa unha familia de emigrantes que reivindica a súa orixe no castro de «Miobri» (Miobre) dos celtas supertamáricos (en alusión ao río Tamaris, hoxe Tambre).

Estela funeraria galaico romana de San Pedro de Mera (Lugo) que representa a una familia de emigrantes que reivindica su origen en el castro de «Miobri» (Miobre) de los celtas supertamáricos (en alusión al río Tamaris, hoy Tambre).

Sala 7 do Museo Provincial de Lugo

2020. Alfredo Erias. Técnica mixta / táboa. 118 x 73 cm

PARELLA GALAICO-ROMANA DE ADAI

**Estela bifronte
que representa
un home e
unha muller,
probables
esposos**



**Estela bifronte
que representa
a un hombre y
a una mujer,
probables
esposos**

Sala 7 do Museo Provincial de Lugo

2020. Alfredo Erias. Técnica mixta / táboa. 118 x 73 cm

ALFREDO ERAS MARTÍNEZ (Presedo, Abegondo, A Coruña, 1954) é **Licenciado en Xeografía e Historia** (1980) e **Doutor en Historia da Arte** (2014) pola Univ. de Santiago de Compostela.

No concello de BETANZOS (1981-2020), foi arquivista-bibliotecario, director do Museo das Mariñas e do *ANUARIO BRIGANTINO* (desde o nº 6 correspondente a 1983 ata o nº 43 do 2020).

Foi coordinador xeral de *RESTAURO: revista internacional del Patrimonio* (11 números entre 2008 e 2011). E dirixiu catro números (2018-2021) da revista *RUDESINDUS* da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo.

Entre 1989 e 1992 foi coordinador para a Xunta de Galicia da organización de arquivos municipais nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense. Organizáronse, total ou parcialmente, 52 arquivos.

É presidente da Fundación Luis Monteagudo e membro de diversas entidades culturais.

En 2015 obtivo o “**Premio Pedra do Destino**”, outorgado polos “Amigos dos Museos de Galicia”.

Como **autor de libros**, sobresaí a súa tese de doutoramento, *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos: San Francisco, Santa María do Azogue y Santiago*. Santiago e Betanzos, Xunta de Galicia e Briga Edicións, 2014.

E do cento de **traballos publicados en revistas especializadas**, poden destacarse os seguintes:

-«Santiago peregrino [de Betanzos, s. XIV]». Catálogo da exposición *Santiago Camino de Europa: Culto y Cultura en la Peregrinación a Compostela*, Galicia no Tempo, Xunta de Galicia, 1993.

-«As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña (I e II). (En colaboración) (*Anuario Brigantino 1994 e 1998*).

-«La eterna caza del jabalí» (*A. Brigantino 1999*).


-«Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)» (*Anuario Brigantino 2000*).

-«Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República: proclamación, anticlericalismo e vinganza». (*Anuario Brigantino 2001*).

-«Museo das Mariñas (de Betanzos) (IV): Un novizo danzante de Attis e Cibeles no supremo acto de emasculación en honra da *Magna Mater*, outras pezas máis e algunhas notas sobre Santalla de Bóveda» (*Anuario Brigantino 2015*).

-«O ciclo escultórico de David e Betsabé en Toulouse e en Santiago de Compostela» (*Anuario Brigantino 2020*).

-«Iconografía del coro tardogótico de la iglesia monasterial de San Salvador de Celanova» (I y II) (*Rudesindus*, 2020 y 2021).



Na súa faceta artística, é un caso singular, porque une investigación, debuxo arqueolóxico, gravado e pintura para revivir o noso pasado. Nesta liña e noutras, realizou máis dun cento de exposicións, destacando os ciclos «**XENTE NO CAMIÑO**» (sobre a imaxe dos galegos da Idade Media) e «**MIRADAS DO IMPERIO**», sobre a imaxe da xente do Imperio Romano.

Así expuxo: no Instituto Cervantes de Lisboa (1999), no Parlamento Europeo de Bruxelas (2006), no Pazo de Fonseca en Compostela (2006-7), no Castelo de Soutomaior (2008), na Delegación da Xunta de Galicia en Lugo e na Biblioteca Provincial de Lugo (2022), etc.

«**MULLER E PODER EN ROMA**» céntrase nas mulleres poderosas por excelencia do Imperio Romano: as emperatrices. E, a través da mirada de Eras e dos seus pinceis, lembrando a cor que en orixe tiñan as estatuas clásicas, estas mulleres aparecen ante nós cos ollos cheos de vida e as súas vestimentas coloridas. Son mulleres moi diversas: nalgúns casos, eran en realidade máis poderosas que o emperador, pero, noutros, sucumbiron ao ambiente tóxico do palacio. E, xunto a elas, tamén vemos, incrivelmente, mulleres galaico-romanas dos arredores de *Lucus Augusti* que as imitaban.

ALFREDO ERÍAS MARTÍNEZ (Presedo, Abegondo, A Coruña, 1954) es **Licenciado en Geografía e Historia** (1980) y **Doctor en Historia del Arte** (2014) por la Univ. de Santiago de Compostela.

En el ayuntamiento de BETANZOS (1981-2020), fue archivero-bibliotecario, director del Museo das Mariñas y del *ANUARIO BRIGANTINO* (desde el nº 6 correspondiente a 1983 hasta el nº 43 del 2020).

Fue coordinador general de *RESTAURO: revista internacional del Patrimonio* (11 números entre 2008 y 2011). Y dirigió cuatro números (2018-2021) de la revista *RUDESINDUS* de la Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo.

Entre 1989 y 1992 fue coordinador para la Xunta de Galicia de la organización de archivos municipales en las provincias de A Coruña, Lugo y Ourense. Se organizaron, total o parcialmente, 52 archivos.

Es presidente de la Fundación Luis Monteaugudo y miembro de diversas entidades culturales.

En 2015 obtuvo el “**Premio Pedra do Destino**”, otorgado por los “Amigos dos Museos de Galicia”.

Como **autor de libros**, sobresale su tesis doctoral, *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos: San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago*. Santiago y Betanzos, Xunta de Galicia y Briga Edicións, 2014.

Y del centenar de **trabajos publicados en revistas especializadas**, pueden destacarse los siguientes:

-«Santiago peregrino [de Betanzos, s. XIV]». Catálogo de la exposición *Santiago Camino de Europa: Culto y Cultura en la Peregrinación a Compostela*, Galicia no Tempo, Xunta de Galicia, 1993).

-«As laudas sepulcrais de San Francisco da Coruña (I e II). (En colaboración) (*Anuario Brigantino 1994 e 1998*).

-«La eterna caza del jabalí» (*A. Brigantino 1999*).

-«Estructura socioprofesional de Betanzos (1840-1936)» (*Anuario Brigantino 2000*).

-«Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República: proclamación, anticlericalismo e vinganza». (*Anuario Brigantino 2001*).

-«Museo das Mariñas (de Betanzos) (IV): Un novizo danzante de Attis e Cibeles no supremo acto de emasculación en honra da *Magna Mater*, outras pezas máis e algunhas notas sobre Santalla de Bóveda» (*Anuario Brigantino 2015*).

-«O ciclo escultórico de David e Betsabé en Toulouse e en Santiago de Compostela» (*Anuario Brigantino 2020*).

-«Iconografía del coro tardogótico de la iglesia monasterial de San Salvador de Celanova» (I y II) (*Rudesindus*, 2020 y 2021).



En su faceta artística, es un caso singular, porque une la investigación, el dibujo arqueológico, el grabado y la pintura para revivir nuestro pasado. En esa línea y en otras realizó más de cien exposiciones, sobresaliendo los ciclos «**XENTE NO CAMIÑO**» (sobre la imagen de los gallegos de la Edad Media) y «**MIRADAS DO IMPERIO**», sobre la imagen de la gente en el Imperio Romano.

Así expuso: en el Instituto Cervantes de Lisboa (1999), en el Parlamento Europeo de Bruselas (2006), en el Palacio de Fonseca en Compostela (2006-7), en el Castelo de Soutomaior (2008), en la Delegación de la Xunta de Galicia en Lugo y en la Biblioteca Provincial de Lugo (2022), etc.

«**MULLER E PODER EN ROMA**» pone el foco en las mujeres poderosas por excelencia en el Imperio Romano: las **emperatrices**. Y, a través de la mirada de Erias y de sus pinceles, recordando el color que tuvieron las estatuas clásicas, estas mujeres se presentan ante nosotros con sus ojos llenos de vida y sus coloridas vestimentas. Son mujeres muy diversas: en algunos casos, fueron más poderosas realmente que el emperador, pero en otros, sucumbieron al ambiente tóxico de palacio. Y, a su lado, también vemos increíblemente **mujeres galaico-romanas** del entorno de *Lucus Augusti* que las imitaron.